

2015-2016

► CURSO MEDIO

Facilitación de Grupos

Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

Castelo de Santa Cruz (Oleiros)



► **este curso está dirixido a**

Este é un curso pechado só para aquelas persoas que xa tivesen realizado o curso básico de facilitación e xestión de grupos (120h). As persoas ás que lles faltase algún módulo do curso básico, poden comezar o nivel intermedio co compromiso de completar o curso básico neste mesmo ano.



► **curriculum formativo**

Este curso intermedio de Xestión e Facilitación de grupos ten como obxectivos:

- Practicar ferramentas de facilitación de grupos con supervisión, nun espazo de aprendizaxe seguro.
- Desenvolver habilidades persoais e profundizar nos contidos teóricos para adquirir solvencia e profesionalidade nas competencias da facilitación de grupos.

Os contidos da formación son:

- Practicar e profundizar na facilitación con ferramentas axeitadas en cada un dos 4 espazos grupais:
 1. Gobernanza e toma de decisións
 2. Indagación e creatividade
 3. Xestión emocional e o potencial do conflito
 4. Cohesión e conexión grupal

Ao longo de todo o nivel medio, darase suma importancia a traballar no feedback co obxectivo de afinar as habilidades persoais das persoas como facilitadoras.

- Capacitarase ás persoas estudantes para o desenvolvemento da actividade profesional en relación ao emprendemento de proxectos de facilitación e deseño de intervencións (accións formativas, de asesoramento, facilitación en acción). Esta parte é transversal a todo o curso.

► metodoloxía

Traballarase cunha técnica coñecida como CAO (Classroom as Organization, a clase como unha organización). A idea é que o propio grupo de aprendizaxe se considere un grupo cuasi-real coa súa propia visión e obxectivos a desenvolver ao longo do curso.

Ainda que inicialmente convídase ao grupo a desenvolver unha axenda para a fin de semana na que as persoas participantes practicarán a facilitación nos 4 espazos grupais (indagación, xestión emocional, conexión e toma de decisións), conforme o grupo vaia gañando madurez e empoderamento, tamén gaña antonomía para desenvolver a súa propia axenda en función das súas necesidades e intereses.



► estrutura: horas e tarefas

O nivel medio consta de 120h lectivas. Repartidas en 8 módulos de 15h cada un. Esta formación require un traballo persoal individual que consiste en levar un diario persoal de aprendizaxe e elaborar un documento final (30-50 páxinas)

Cómpre que no diario se recollan diagnoses, deseños, as súas avaliacións, os seus procesos persoais respecto á aprendizaxe, etc.

En canto ao traballo final caben dúas opcións:

- 1.- Traballo teórico-reflexivo sobre algun tema da facilitación
- 2.- Unha análise completa dun caso real no que se teña traballando, incluíndo diagnose, proposta xustificada de intervención, proceso persoal, avaliación. Este traballo final entregárase ao CEIDA e ao IIFAC-e , que poderán facer uso que considere oportuno do mesmo (difusión, divulgación). No caso de plantexarse a publicación requirirase o permiso do autor/a. Para o uso de materiais de outros/as autores/as é necesario citar a fonte/autoría. O traballo deberá ter índice e estar paxinado.

► **equipos de co-facilitadores/as**

Cada encontro terá 2-3 persoas que se encargarán de coordinar todo o encontro. Pódense describir como as persoas anfitrionas da fin de semana. Eles e elas coidarán do grupo durante todo o encontro, encargaranse do inicio e peche. Estas persoas escóllense dun módulo ao outro.

En función da axenda deseñada haberá outros equipos de dúas persoas para facilitar os diferentes espazos propostos, tratando de cubrir os 4 espazos do grupo cada encontro. Estes equipos estarán en contacto por correo electrónico coas persoas coordinadoras da fin de semana para axustar tempos e espazos. Deberán saber que durante o transcurso dun encontro pódense dar cambios que modifiquen o seu papel. Todo iso farase baixo a supervisión dos coordinadores/as da fin de semana. Ao final do curso procurarase que todas as persoas facilitasen como mínimo 4 espazos, incluíndo o rol de coordinadora da fin de semana.



► **PROCESO DE FEEDBACK: PRIMEIRA ESTRUTURA, DIVERSIDADE E EVOLUCIÓN DO PROCESO**

Para iniciar esta forma de aprendizaxe do nivel medio, estruturáronse uns momentos de feedback que teñen 4 etapas ou elementos:

- 1.- Momento de reflexión persoal ao concluir unha facilitación, estruturada en torno a 4 preguntas.
 - a. Como te sintes neste intre?
 - b. Estiveches nalgún límite durante a facilitación o tocaches algún límite persoal no proceso (preparación, facilitación)? Como o xestionaches?
 - c. Hai algo específico do que estes satisfeito/a?
 - d. Que aprendiches?
2. Momento de feedback dende o equipo formador (cousas a mellorar, preguntas concretas para dialogar sobre momentos concretos da facilitación que foron críticos e son puntos de aprendizaxe, cuestións éticas, recoñecemento do realizado/logrado, aspectos observados en relación ao feedback do grupo, etc)

3. Momento de feedback dende as persoas que estiveron como participantes acerca da súa experiencia como participantes. A estrutura deste momento é dende a Comunicación Non Violenta ou dende a idea de como as persoas se sentiron con algo que tivese sucedido.

4. Un cuarto momento que pode ter lugar: Xestión emocional ligada ao feedback.

Pode surdir mediante o feedback do grupo un proceso entre as persoas facilitadoras que practicasen xuntas, que sería un espazo de aprendizaxe tamén e á cargo do equipo de formación.



► PROCESO DE SUPERVISIÓN: DIVERSIDADE DE ESTILOS E PROPOSTA DE PROCESO AO LONGO DO CURSO

Cada formadora ten o seu estilo e dende o deseño do curso esa é unha das riquezas desta aposta de curso coral

- **Módulos 1 e 2. Collendo confianza, mirando cara atrás.** O grupo vaise coñecendo, coñece o formato e a proposta do curso, as persoas participantes experimentan nos seus grupos de prácticas e se acostuman a recibir feedback neste contexto.
- **Módulos 3 e 4. Abríndonos aos desafíos, conectando co momento.** O grupo ten máis confianza e hai unha maior diversidade de relacións,

situacións, etc entre os e as participantes. Amais de recibir feedback ao final, ábrese o momento de observar que lle sucede a cada persoa cando facilita.

- **Módulos 5 e 6. Afinando a miña ruta personal, elexindo tipo de feedback.** O grupo xa ten experimentado diferentes estilos e cada persoa pode ter unha maior claridade respecto a cales son os seus puntos de aprendizaxe próximo, en que aspectos do seu estilo de facilitación está a traballar e como quere o feedback.
- **Módulos 7 e 8. Co-responsabilidade na miña profesionalización, o camiño persoal.** Estes módulos son á súa elección grupal e /ou persoal



► equipo formativo

O equipo formativo do nivel medio do curso de Facilitación de Grupos está formado por un grupo amplo de profesionais , co obxectivo de coñecer os distintos estilos de facilitación

César Fernández Pérez (Coordinador) IIFAC-e

Licenciado en Ciencias do Mar (UDV). Coordinador do curso anual de Facilitación e Xestión de grupos nas dúas convocatorias anteriores (2012, 2013). Deseña e desenvolve programas de participación sobre a xestión de recursos naturais e mariños (Maldivas, Galicia, Menorca, etc...)

Experto en facilitación e procesos de grupo, realizou cursos de longa duración sobre a facilitación, a resolución de conflitos e múltiples seminarios.

Imparte formación e obradoiros sobre estes temas e acompaña a diversos grupos, organizacións e colectivos no desenvolvemento da súa visión, a súa estrutura organizativa, xestión dos momentos difíciles e as tomas de decisións.

Conchi Piñeiro. IIFAC–e. Altekio Soc. Coop.

É doutora en Comunicación Ambiental, licenciada en CC. Ambientais (UAM,2001) e experta en consumo responsable con enfoque de xénero. Dende 2002 vense formando de xeito continuado e especializada en facilitación de procesos de grupo. Desenvolveu numerosos cursos, procesos participativos, obradoiros como formadora e facilitadora de procesos. Participa en colectivos sociais dende hai máis de 15 anos.

Anna Pujol Villarroya. IIFAC-e. DDX Coop.

Licenciada en Ciencias Ambientais por la Universitat Autònoma de Barcelona el 2005.

A través da porta da educación ambiental, adéntrase en colectivos situados nos márxenes da sociedade (especialmente xovenes en risco, mulleres e saúde mental) e isto lle permite descubrir a súa pasión polo potenciais das persoas e dos grupos.

Dende o 2004 dedícase a acompañar procesos grupais e individuais (en especial a xestións dos conflitos) e a impartir formación en temas de facilitación.

Está a cursar a Diplomatura de Traballo de Procesos co Instituto de Traballo de Procesos e Democracia Profunda e conThink Tank Internacional Deep Democracy Institute (DDI)

Mireia Parera Puigdomènech. IIFAC-e

Licenciada en Ciencias Ambientais. O seu traballo, dende entón, tense desenvolvido no ámbito educativo e social. A partir de 2004 comeza a formarse en facilitación de grupos, xestión emocional de conflitos, distintas técnicas teatrais e creativas, metodoloxías participativas, etc. E dende 2011 estuda a Diplomatura de Traballo de Procesos.

Na actualidade dedícase á facilitación no ámbito educativo formal, realizando obradoiros sobre coeducación, en colaboración con Fil a l'Agulla e a educación pola paz coa Fundació por la Pau. Facilita tamén varias organizacións como comunidades, cooperativas de traballo, asociacións.. na xestións dos conflitos e desenvolvemento da visión e organización interna, toma de decisións, asesoramento metodolóxico en xornadas participativas, etc. Realiza formacións e titorías en todos estes ámbitos, e traballa tamén como terapeuta.

► **datas**

- 2 - 4 outubro. Profesor: César Fernández
- 6 - 8 novembro. Profesora: Anna Pujol
- 11-13 decembro. Profesora: Mireia Parera
- 15-17 xaneiro. Profesor: César Fernández
- 19-21 febreiro. Profesor: César Fernández
- 8 - 10 abril. Profesor por determinar
- 6 - 8 maio. Profesora: Conchi Piñeiro
- 3 - 5 xuño. Profesor César Fernández

► **horario**

O curso realizaríase entre venres e domingo en horario de

Venres 16-20h

Sábado 10-14h, 16-19h

Domingo 10-14h. Tarde de domingo libre

► **lugar**

Castelo de Santa Cruz, s/n. Oleiros. A Coruña

► **prezo**

680€/curso completo (85€/módulo)

Este curso farase se se consegue un mínimo de 20 participantes

Haberá dúas bolsas de 50% de desconto para esta formación. Se estás interesado/a envía un correo electrónico a veronica.campos@ceida.org antes do 28 de agosto

Prazos de pagamento

85€ no momento de realización da matrícula

175 € - 2º prazo (antes do 15 de setembro de 2015)

250 € - 3º prazo (antes do 3 de decembro de 2015)

170 € - 4º prazo (antes do 17 de marzo de 2016)

► certificación

Certificado CEIDA + IIFAC-e (Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España) de acreditación do nivel medio da formación en Facilitación de Grupos. Requerirase a asistencia como mínimo o 75% do global do curso, e ao 75% de cada un dos módulos

Non será posible facer módulos soltos

► +información e inscricións

Inicio Preinscrición: 26/06/2015

Fin prazo preinscrición 04/09/2015

As prazas ocuparanse por estrito orden de inscrición, sendo o número de prazas limitadas

Inscrición no correo electrónico **formacion@ceida.org**, enviando nome completo, DNI e correo electrónico.



Organiza:

Colabora: